

**CONCELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE,
SANIDADE E CONSUMO**



Organiza: Concellería de Medio Ambiente - Concello de Vigo
Nome da actividade: “Coñecendo a nosa ría”

Nesta nova actividade de educación ambiental, a Concellería de Medio Ambiente ten como obxectivos dar a coñecer á poboación infantil a riqueza natural da ría de Vigo e fomentar a práctica de actividade saudable en medios de desprazamento que non contaminen o entorno.

Por estes motivos, o vindeiro 26 de setembro e o 3 de outubro a Concellería que dirixe **Chus Lago** organiza un grupo de actividades para un máximo de 100 participantes por día entre os 8 e os 17 anos, no que aprenderán as nocións básicas de navegación en vela lixeira e kaiak, as principais características da ría e finalmente poderán levar a cabo unha solta das especies máis significativas a cargo de oceanógrafos e biólogos.

Cronograma previsto da actividade:

- 08:30 horas: convocatoria na Praza do Rei.
- 08:45 horas: saída nos autocares de Vitrasa.
- 09:00 horas: chegada á praia de A Punta.
- 09:00 a 09:30 horas:
 - Reunión de todos os participantes
 - Formación de grupos
 - Formación a cargo dos monitores de vela lixeira e kaiak
 - Explicación de medidas de seguridade e colocación de chaleco
- 09:30 a 11:30 horas: navegación en vela lixeira e kaiak, según os grupos
- 11:30 a 13:30 horas: cambio de actividade (vela lixeira por kaiak e viceversa)
- 13:30 a 14:00 horas:
 - Entrega e explicación de material con información gráfica sobre a ría e a súa riqueza ambiental
 - Formación de grupos
 - Explicación da especie a soltar e o seu habitat, a cargo de oceanógrafos e biólogos
- 14:00 horas: subida aos autocares de Vitrasa e desprazamento á Praza do Rei
- 14:30 horas: chegada á Praza do Rei e finalización da actividade.

Recursos humanos que participan na actividade:

- 1 coordinador do programa
 - 9 monitores para a actividade de navegación
 - 1 patrón e socorrista par a vixianza e salvamento dende a embarcación de Protección Civil
 - 11 biólogos e oceanógrafos para a actividade final de solta de especies e coñecemento do seu habitat
- Total: 22 persoas

Recursos materiais empregados na actividade:

- 5 Embarcacións a motor de control, apoio e salvamento
- 5 embarcacións tipo Omega e F-550
- 16 embarcacións tipo Optimist
- 25 kaiaks
- Chalecos salvavidas para todos os participantes
- 250 soportes gráficos da ría de Vigo
- Material didáctico, emisoras de VHF, etc.

Inscrición nas actividades:

A actividade é totalmente gratuita.

Dado que os participantes son menores de idade, son os pais, nais ou titores quen formalizarán a inscrición, cos seguintes requisitos:

1.- Reserva de praza chamando ao 010 e facilitando os seguintes datos dos participantes:

- Nome completo
- DNI
- Data de nacemento
- Talla de torso (para o chaleco salvavidas)

2.- Recoller o formulario de autorización:

A)- En persoa no departamento de Medio Ambiente, no segundo andar do Concello de Vigo

B)- Descargando o formulario dende a páxina web:

- www.vigo.org
- Acceso ao link do CAMIÑO A CAMIÑO
- Acceso ao “Programa e máis”
- Acceso ao programa “Coñecendo a nosa ría”
- Descarga de autorización para os participantes

3.- Entrega da autorización debidamente cumprimentada e asinada aos monitores no momento da subida aos autocares de Vitrasa.

Cuestións importantes relacionadas coa inscrición:

- Para inscribirse e realizar a actividade **É OBRIGATORIO SABER NADAR**
- Cada participante poderá inscribirse na xornada que lle interese (26 de setembro ou 3 de outubro), sendo obrigatorio tramitar a inscrición a través do teléfono do servizo de atención ao cidadán 010.
- A inscrición comeza o luns anterior a cada xornada (luns 20 de setembro para a xornada do 26, e luns 27 de setembro para a xornada do 3 de outubro)
- Os participantes desprazaranse en autocares de Vitrasa sen familiares ou acompañantes. Dende o inicio á finalización da actividade estarán acompañados polos monitores de cada actividade.
- Os participantes deberán traer roupa cómoda para a actividade, sen mochilas ou pertenzas persoais que poidan mollarse. O máis axeitado é levar un calzado pechado (zapatillas de deporte por exemplo), pantalón longo cómodo e unha camiseta e sudadera

por si vai frío. Se o día está despexado é recomendable que leven unha gorra e protector solar.

-Ante calquera dúbida, poden consultar sobre a organización e realización da actividade no servicio de atención telefónica 010 ou no 680 554928